



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA**

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

Referencia: PCO.001.2023.00263

**RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA O PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E O PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO ACORDO MARCO PARA A PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE TRANSPORTE PARA ACTIVIDADES DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, CÓDIGO EXPEDIENTE PCO.001.2023.00263**

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña:

**RESOLVO:**

1. Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o Prego de Prescricións Técnicas asinados polo Servizo de Patrimonio e Contratación con data 11 de setembro de 2023 para a contratación do **ACORDO MARCO PARA A PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE TRANSPORTE PARA ACTIVIDADES DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**, nas seguintes condicións:

1.1. Información do contrato:

Tipo de contrato: servizos

Procedemento: aberto con multiplicidade de criterios

1.2. Orzamentos unitarios:

Vehículo de 39 a 55 prazas	Orzamento sen IVE	IVE ao 10%	Orzamento IVE incluído
prezo por hora de servizo	63,70	6,37	70,07
prezo por quilómetro	1,76	0,18	1,94
Vehículo de 26 a 38 prazas	Orzamento sen IVE	IVE ao 10%	Orzamento IVE incluído
prezo por hora de servizo	50,44	5,04	55,48
prezo por quilómetro	1,82	0,18	2,00
Vehículo de 10 a 25 prazas	Orzamento sen IVE	IVE ao 10%	Orzamento IVE incluído
prezo por hora de servizo	40,08	4,01	44,09
prezo por quilómetro	1,80	0,18	1,98

1.3. Valor estimado: 200.000,00 €

1.4. Prazo de vixencia: A vixencia do acordo marco será de dous anos, prorrogable até un máximo de dous anos máis.

1.5. Financiamento: O contrato poderá financiarse con cargo á aplicación 0112/92090/223. O financiamento de cada contrato baseado no acordo marco indicárase na Resolución de adxudicación correspondente

Por tratarse dun contrato que estenderá os seus efectos a máis dun exercicio económico, financiarase conforme o disposto no artigo 174 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

O contrato queda suxeito á condición suspensiva da existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigacións derivadas do contrato no exercicio correspondente. A mesma condición suspensiva rexe para as eventuais prórrogas.

2. Aprobar a adxudicación pola Deputación dun primeiro contrato baseado no acordo marco, para a realización de servizos de transporte, nas seguintes condicións:

2.1. Orzamento máximo

Importe máximo sen IVE	IVE ao 10%	Importe máximo IVE incluído
27.272,73	2.727,27	30.000,00

2.2. Financiamento:

Partida	Fase	Número operación	Importe
0112/92090/223	RC	220230041513	30.000,00

O financiamento do contrato queda supeditada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio seguinte.

3. Dispoñer que o acordo marco se adxudique mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración.